



### **CIRCULAR 01-2023**

## **XXXVIII CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO EN PISTA CUBERTA E SUB 23**

- A todas as Delegacións da FGA
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

**Art.1).**- A Federación Galega de Atletismo organiza o XXXVIII Campionato Xunta de Galicia Absoluto en Pista Cuberta, na pista de atletismo de Expourense o día 21 de xaneiro en Ourense.

**Art.2).**- Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas que teñan ficha pola F.G.A. na tempada 2023.

**Art.3).**- Participación: Reservaranse como mínimo 3 prazas para Sub 23 en cada proba. Nas carreiras non se programarán finais Sub 23 outorgándose as medallas por mellores marcas nas roldas máis avanzadas.

As prazas para cada proba serán as seguintes, non se aceptarán marcas inferiores a: (As puntuacións, non afectarán ós atletas da categoría Sub 23).

- 650 puntos da táboa WA indoor para carreiras e saltos.
- 600 puntos da táboa WA indoor para lanzamentos.

Proba	Máximo participantes
60*	32
200	16
400	16
800	18
1500	20
3000***	15
60 mv**	24
concursos	12

\*Poderán inscribirse con marcas de 100 ml

\*\*Poderán inscribirse con marcas de 100 mv ou 110 mv

\*\*\*Poderán inscribirse con marcas de 5000 m

Nestes casos usarase a táboa da WA para puntuar as marcas.

Valerán marcas feitas dende o 1 de abril de 2022.

### **Limitacións Sub 16 e Sub 18:**

Cada atleta so poderá participar nun máximo de 2 probas. En caso de participar en dúas carreiras só unha delas poderá ser superior aos 200 metros.



**Art.4).**- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA <https://sdp.rfea.es/> ata as 20:00 horas do luns 16 de xaneiro do 2023.

O prazo para realizar as baixas será dende a publicación dos aceptados ata ás 11:00 horas do mércores 18 de xaneiro. Calquera baixa non comunicada en prazo a: [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal) levará consigo unha multa de 5 euros.

**Art.5).**- Haberá medallas para os tres primeiros clasificados de cada categoría (absoluta e Sub 23) tanto masculinos coma femininos.

**Art.6).**- Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible en toda a súa superficie no peito, agás na pértega que poderán levalo nas costas. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal para a colocación do dorsal.

**Art.7).**- Todos/as os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas. Os/as atletas sairán á zona de saída coa roupa de competición posta.

**Art.8).**- Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas.

**Art.9).**- Horario provisional.

<b>CTO. XUNTA DE GALICIA ABS. EN PISTA CUBERTA E SUB 23 - XORNADA DE MAÑÁ</b>						
<b>HORA</b>	<b>CARREIRA</b>	<b>SEXO</b>	<b>SERIE</b>	<b>TRIPLO</b>	<b>ALTURA</b>	<b>PÉRTEGA</b>
11:00	60	Homes	Semifinais			Mulleres
11:06	60	Homes	Semifinais			
11:12	60	Homes	Semifinais			
11:18	60	Homes	Semifinais			
11:24	60	Mulleres	Semifinais			
11:30	60	Mulleres	Semifinais			
11:36	60	Mulleres	Semifinais	Mulleres		
11:42	60	Mulleres	Semifinais			
11:48	3000	Homes	Final			
12:02	3000	Mulleres	Final			
12:27	60	Homes	Final B			
12:34	60	Homes	Final A			
12:41	60	Mulleres	Final B		Homes	
12:48	60	Mulleres	Final A			
13:00	400	Homes	Final C			
13:07	400	Homes	Final B			
13:14	400	Homes	Final A	Homes		
13:21	400	Mulleres	Final C			
13:28	400	Mulleres	Final B			
13:35	400	Mulleres	Final A			



<b>CTO. XUNTA DE GALICIA ABSOLUTO EN PISTA CUBERTA E SUB 23 - XORNADA DE TARDE</b>							
HORA	CARREIRA	SEXO	SERIE	LONXITUDE	ALTURA	PESO	PÉRTEGA
16:21	60 mv 1,06	Homes	Semifinal				
16:30	60 mv 1,06	Homes	Semifinal				
16:42	60 mv 0,84	Mulleres	Semifinal			Homes	
16:51	60 mv 0,84	Mulleres	Semifinal				
17:00	200	Homes	Semifinal				Homes
17:07	200	Homes	Semifinal				
17:14	200	Homes	Semifinal				
17:21	200	Homes	Semifinal	Mulleres			
17:28	200	Mulleres	Semifinal				
17:35	200	Mulleres	Semifinal				
17:42	200	Mulleres	Semifinal				
17:49	200	Mulleres	Semifinal				
18:02	800	Homes	Final B				
18:08	800	Homes	Final A				
18:20	800	Mulleres	Final B				
18:26	800	Mulleres	Final A			Mulleres	
18:41	1500	Homes	Final B	Homes	Mulleres		
18:48	1500	Homes	Final A				
18:55	1500	Mulleres	Final B				
19:02	1500	Mulleres	Final A				
19:12	60 mv 0,84	Mulleres	Final				
19:24	60 mv 1,06	Homes	Final				
19:45	200	Homes	Final B				
19:52	200	Homes	Final A				
19:59	200	Mulleres	Final B				
20:06	200	Mulleres	Final A				

### Cadencias

**Altura Mulleres:** 1,41-1,45-1,48-1,51-1,54-1,57-1,60-1,63 2/2

**Altura Homes:** 1,60-1,65-1,70-1,75-1,78-1,81-1,84-1,87 2/2

**Pértega Mulleres:** 2,55-2,75-2,95-3,05-3,15-3,25 3,33 5/5

**Pértega Homes:** 3,35-3,60-3,75-3,90-4,05-4,20-4,31-4,41-4,51 5/5

### Táboas

**Triplo Homes:** 11 e 13

**Triplo Mulleres:** 9 e 11

**Art.10).-** A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 48 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo



## **CIRCULAR**

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13  
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA:  
[competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal)

- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

**Art.11).**- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 2 de xaneiro de 2023

Carlos Castro Vicente  
**Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo**